



Índice de confianza do consumidor. Primeiro trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2009 a confianza do consumidor diminúe 2,8 puntos con respecto ao trimestre anterior

O Instituto Galego de Estatística publica hoxe os primeiros resultados trimestrais do “Índice de confianza do consumidor”. Esta operación, antes mensual, pasa a ser de periodicidade trimestral dentro do proceso de reestruturación no que estará esta operación durante este ano co obxectivo de ampliar a información que proporciona. Para poder establecer comparacións, o IGE difunde os índices trimestrais de períodos anteriores.

Segundo os datos deste primeiro trimestre de 2009 o “Índice de confianza do consumidor”¹ reflicte un valor de -43,5 puntos, 2,8 puntos inferior ao dato do cuarto trimestre de 2008.

Esta diminución produciuse en todos os indicadores parciais que componen o índice; o de perspectivas de evolución do emprego diminúe 7,9 puntos, a situación económica de Galicia 1,7 puntos, a capacidade de aforro 1,1 puntos e a situación financeira persoal 0,2 puntos.

Índice de confianza do consumidor (ICC). Galicia

Ano	Trimestre	ICC	Indicadores parciais de perspectivas de evolución			
			Situación financeira persoal	Situación económica en Galicia	Capacidade de aforro	Emprego
2007	I	-19,1	-16,9	-18,9	-33,1	-7,5
	II	-12,9	-14,8	-12,2	-35,0	10,4
	III	-17,4	-15,0	-16,7	-34,2	-3,6
	IV	-26,1	-22,6	-24,5	-39,2	-18,2
2008	I	-27,7	-24,3	-26,4	-39,8	-20,2
	II	-35,3	-31,4	-35,6	-47,7	-26,3
	III	-37,1	-30,8	-39,0	-44,4	-34,1
	IV	-40,7	-30,1	-39,2	-46,9	-46,8
2009	I	-43,5	-30,3	-40,9	-48,0	-54,7

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

¹ O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos



8 de abril de 2009

Perspectivas de evolución dos prezos e oportunidade de facer grandes compras

No primeiro trimestre de 2009, o indicador de perspectivas de evolución dos prezos increméntase 13 puntos con respecto ao trimestre anterior. O indicador da capacidade de facer grandes compras aumenta en 5,4 puntos.

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_consumidor_2009.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>